Deputación DA CORUÑA
www.dacoruna.gal
BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA
D.L.: C-1-1958
BOP
BOLETÍN OFICIAL DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA
LUNS, 28 DE SETEMBRO DE 2026 LUNES, 28 DE SEPTIEMBRE DE 2026 | BOP NÚMERO 185

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Secretaría Xeral

Bases reguladoras da convocatoria para a obtención do certificado de aptitude profesional para a prestación do Servizo de Taxi no Concello de Santiago de Compostela. Convocatoria 2026

O concelleiro delegado de Mobilidade, Convivencia e Centros Socioculturais, por decreto nº 2026/10997, de data 21 de setembro de 2026, aprobou as "Bases reguladoras da convocatoria para a obtención do certificado de aptitude profesional para a prestación do servizo de taxi no Concello de Santiago de Compostela. Convocatoria 2026", que son do seguinte teor literal:

"BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE APTITUDE PROFESIONAL PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE TAXI NO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA. CONVOCATORIA 2026

I. Obxecto da convocatoria

O obxecto das presentes bases é regular a convocatoria e o proceso de avaliación das probas de aptitude necesarias para a obtención do permiso municipal de persoa condutora de auto-taxi no termo municipal de Santiago de Compostela, de conformidade coa normativa vixente en materia de transporte de viaxeiros. Este proceso réxese polo disposto na Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia; o Decreto 103/2018, do 13 de setembro, polo que se aproba o seu regulamento, e polo Regulamento do servizo de transporte urbano en automóbiles de aluguer con condutor, aprobado polo pleno da corporación o 26 de xullo de 1990, e publicado no BOP da Coruña do 8 de setembro de 1990.

II. Requisitos das persoas aspirantes

1. As persoas físicas que desexen obter o certificado de aptitude profesional para prestar o servizo de taxi como persoa condutora, asalariada ou autónoma, con vehículos adscritos a títulos habilitante correspondentes ao municipio de Santiago de Compostela deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Estar en posesión do permiso de condución da clase B ou superior en vigor.

b) Non padecer enfermidade infecto-contaxiosa nin impedimento físico ou psicolóxico que imposibilite ou dificulte o normal exercicio da profesión.

c) Falar e entender os idiomas castelán e galego.

d) Ter aboada a taxa municipal correspondente á inscrición na proba mediante o sistema de auto liquidación.

2. Estes requisitos deberán cumprirse antes de que finalice o prazo de presentación de solicitudes, e deberán acreditarse segundo se expón nestes bases.

III. Prazos e presentación de solicitudes

1. O prazo de presentación de solicitudes será de **vinte (20) días naturais** contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña* (BOP).

2. As solicitudes presentaranse a través do modelo normalizado MO040, dispoñible na sede electrónica do Concello de Santiago.

3. As solicitudes poderán presentarse de forma presencial no Rexistro Xeral do Concello ou a través da sede electrónica municipal no trámite "Obtención do permiso municipal de condutor".

4. Á solicitude achegarase a citada documentación xustificativa dos requisitos esixidos:

a) Xustificante acreditativo de ter aboada a taxa municipal correspondente á inscrición na proba (mediante o sistema de auto liquidación).

b) Dúas (2) fotografías actualizadas tamaño carné e en cor.

c) Fotocopia do DNI, NIE ou pasaporte.

d) Fotocopia do permiso europeo para conducir vehículos da categoría B ou superior.

Número de anuncio 2026/6198

e) Certificado ou Informe médico no que se estableza expresamente que non se padece enfermidade infecto-contaxiosa nin impedimento físico ou psíquico que imposibilite ou dificulte o normal exercicio da profesión (considerarase caducado se transcorreron máis de tres meses dende a súa expedición).

f) Declaración responsable de cumprir todos os restantes requisitos da convocatoria.

IV. Admisión de aspirantes

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a concellería delegada que ostente a competencia en materia de mobilidade e transporte, ditará resolución aprobando a lista provisional de persoas admitidas e excluídas, que se publicará no Taboleiro electrónico de Anuncios do Concello de Santiago e na páxina web do Concello, concedendo un prazo de dez (10) días hábiles para a emenda de defectos.

As persoas aspirantes que dentro do prazo sinalado non emenden as causas de exclusión ou xustifiquen a omisión, serán definitivamente excluídas da participación nas probas de capacitación profesional.

Logo de que transcorrese o dito prazo, aprobarase a lista definitiva, que se publicará polos mesmos medios, sinalando o lugar, data e hora da realización da proba. Nesta mesma resolución farase pública a composición do Tribunal Cualificador aos efectos da súa posible recusación polas persoas interesadas.

Nas listas definitivas decidirase acerca das alegacións expostas polas persoas interesadas sobre a exclusión ou omisión nas provisionais e a súa publicación servirá de notificación aos/as interesados/as.

A resolución pola que se declara aprobada a lista definitiva de persoas aspirantes admitidas esgotará a vía administrativa. Contra a citada resolución cabe interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ha ditou, no prazo dun mes desde o día seguinte ao da súa publicación, de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses desde o día seguinte ao da súa publicación, de acordo co previsto nos artigos 8.1 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

V. Tribunal cualificador

1. Ao tribunal cualificador correspóndelle o desenvolvemento e cualificación da proba de aptitude.

2. O tribunal cualificador estará composto por unha presidencia, unha secretaría e dúas vogalías, así como as respectivas persoas suplentes. O tribunal será designado de entre o persoal funcionario ou laboral do Servizo Municipal de Mobilidade e Transporte. A súa composición será determinada mediante resolución da concellería delegada que ostente a competencia en materia de mobilidade e transporte.

3. Os membros do tribunal cualificador son persoalmente responsables do estrito cumprimento das bases e dos prazos establecidos para a realización da proba de aptitude e resolverán todas as dúbidas que puidesen xurdir na aplicación das presentes bases.

4. O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de, como mínimo, a metade dos seus membros, titulares ou suplentes indistintamente, sendo imprescindible a asistencia do/a Presidente/a e do/a Secretario/a.

5. O tribunal cualificador finalizará as súas funcións coa elevación da proposta das persoas aspirantes que superasen a proba de aptitude.

VI. Celebración e estrutura da proba. Publicación de resultados

1. Entre a data de publicación da lista definitiva de persoas admitidas e a data de celebración do exame transcorrerán ao menos cinco días hábiles.

2. A proba, de carácter obrigatorio e eliminatorio, consistirá nun exercicio por escrito, no que se formularán un total de quince preguntas tipo test, e ao que deberá darse resposta nun tempo máximo de 45 minutos. Cada unha das preguntas contará con tres opcións de resposta a escoller das que só unha é válida. As respostas incorrectas ou en branco non penalizarán. O exercicio contará con dúas partes diferenciadas:

· Teórica: Oito preguntas relacionadas cos coñecementos necesarios citados no artigo 38 do Decreto 103/2018, do 13 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, segundo os contidos que se detallan na base X desta convocatoria.

O exercicio cualificarase como “apto” ou “non apto”, debendo as persoas aspirantes contestar correctamente ao menos a 6 preguntas para superar a proba e obter a condición de apto, quedando excluídas do proceso no caso contrario.

Número de anuncio 2026/6198

· Práctica: Sete preguntas relativas a itinerarios nos que se facilitará un punto de saída e un de chegada, debendo seleccionar a resposta que represente o percorrido máis curto, tendo en conta os sinais de tráfico, e os principais monumentos ou edificios de interese existentes no seu percorrido.

O exercicio cualificarase como "apto" ou "non apto", debendo as persoas aspirantes contestar correctamente a lo menos a 4 preguntas para superar a proba e obter a condición de apto, quedando excluídas do proceso no caso contrario.

3. As persoas aspirantes deberán concorrer aos exercicios provistas da documentación acreditativa da súa identidade.

4. O tribunal efectuará un chamamento único, quedando excluída da realización da proba aquelas persoas que non comparezan á hora establecida.

5. O tribunal fará pública no taboleiro electrónico e mais na páxina web do Concello de Santiago a relación de persoas que superaron as probas que serán declaradas "aptas" para a expedición do certificado de aptitude profesional para prestar o servizo de taxi. As persoas aspirantes disporán dun período de 5 días, dende a publicación, para a presentación ante o tribunal das reclamacións que estimen oportunas que serán resoltas no prazo máximo de 5 días a partir da súa presentación. Resoltas as reclamacións, o tribunal elevará á concellaría competente en materia de mobilidade e transporte a proposta da relación das persoas que superaron o proceso e foron declaradas aptas na proba.

VII. Expedición de certificados de capacitación profesional

Finalizado o procedemento expedirase de oficio o correspondente certificado de aptitude profesional para a prestación do servizo de taxi para todas as persoas que superaron o proceso e foron declaradas "aptas" na proba. No caso de non superar algún destes, non se lle expedirá.

O certificado de aptitude profesional terá unha vixencia coincidente coa do permiso europeo para conducir vehículos da categoría B ou superior. Expirada a súa vixencia, deberá solicitarse a súa renovación consonte ao trámite previsto na sede electrónica do Concello de Santiago de Compostela.

VIII. Protección de datos de carácter persoal

A presentación da solicitude de participación nas probas implica o consentimento das persoas afectadas para a súa inclusión nos ficheiros de actividade do Concello e para a publicación das resolucións e anuncios que se deriven do presente procedemento.

Os datos achegados polas persoas interesadas a través da sede electrónica ou do Rexistro do Concello utilizaranse, con carácter único e exclusivo, para os fins previstos neste procedemento. En cumprimento do disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, a persoa cedente dos datos poderá, en calquera momento, exercitar os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión (esquecemento), limitación do tratamento, portabilidade, cancelación, revogación do consentimento e oposición, dirixíndose ao Concello de Santiago de Compostela.

IX. Recursos procedentes

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o órgano que a ditou, no prazo dun (1) mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ao abeiro do establecido no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous (2) meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, consonte ao disposto nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

No caso de interpoñerse o recurso potestativo de reposición, deberase resolver e notificar no prazo dun (1) mes, segundo establece o artigo 124.2 da citada Lei 39/2015, entendéndose desestimado polo transcurso deste prazo sen resolución expresa notificada.

Non obstante, tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que as persoas interesadas estimen procedente conforme a Dereito.

X. Temario

- Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo en Galicia. En particular, os artigos 10, 15, 20, 22, 24, 25, 29, 31, 32, 33, 34, 38, 42, 43, 60, 61, 62, 63 e 64.
- Decreto 103/2018, do 13 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 4/2013. En particular os artigos 1 a 46 e 56 a 59.
- Rueiro do Concello de Santiago de Compostela.

Número de anuncio 2026/6198

- Lugares de interese, administrativos, turísticos, de servizos e de ocio da cidade de Santiago de Compostela.
- Primeiros auxilios.
- Coñecementos contables e fiscais básicos sobre a actividade do transporte de persoas viaxantes en vehículos de turismo.
- Marco tarifario en vigor. Non é preciso memorizar os importes, pero si os horarios, días de aplicación e suplementos."

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2026.

O concelleiro delegado de Mobilidade,

Convivencia e Centros Socioculturais,

(P.D. Decreto da Alcaldía 2023/ 8135, do 17 de xuño).

Xan Xesús Duro Fernández.

2026/6198